



Co respaldo da Consellería de Política Social, a organización humanitaria e a operadora galega están percorrendo localidades das 4 provincias para ofrecer os seus “menús tecnolóxicos”

Cruz Vermella e R chegan a Lalín, Ponteareas e A Guarda con “Enredando *tour* R” para integrar persoas maiores na contorna dixital

- ***A aula móbil do programa instalarase a semana que vén nas urbes pontevedresas para “enredar” persoas maiores no mundo dixital dunha maneira lúdica, ofrecéndolles a degustación dun “menú tecnolóxico” á súa medida.***
- ***“Enredando *tour* R” presentouse o mes pasado na Coruña e deseguido visitou Cedeira; tras recalar en localidades da provincia de Lugo e de Ourense, a semana que vén pechará o seu periplo na provincia de Pontevedra.***

Venres, 1 de outubro de 2021.- Despois da súa estadía na Coruña, Cedeira, Viveiro, Sarria, Monforte, O Carballiño, Verín e O Barco de Valdeorras, a aula móbil formativa de “Enredando *tour* R” achégase á provincia de Pontevedra para instalarse o luns 4 en Lalín e desprazarse o martes 5 e o mércores 6 a Ponteareas e á Guarda respectivamente. É o momento das localidades pontevedresas, onde se pechará o percorrido desta actividade conxunta da Cruz Vermella e do operador galego **R** a prol da ‘inclusión dixital’ das persoas maiores.

Que a fenda non deixe ninguén atrás

A intención primeira desta acción é minorar o efecto da fenda dixital que tanto lle afecta a unha gran porcentaxe das/dos maiores e a outros colectivos vulnerables. Falamos de persoas que, por exemplo, durante o confinamento e nos momentos máis duros da pandemia, non puideron botar man das novas tecnoloxías para completar xestións esenciais como pedir unha cita médica, facer a compra ou realizar unha operación bancaria sen saír da casa.

R e Cruz Vermella teñen claro que o máis importante é que as persoas maiores lles **perdan o medo ás novas tecnoloxías** e desenvolvan habelencias básicas que lles permitan avanzar e aprender a navegar por internet, ter unha conta de correo ou enviar unha mensaxe. E, sobre todo, que non se sintan sós/soas e vexan que persoal especializado e persoas voluntarias da organización humanitaria lles darán o apoio dixital que precisen *in situ*, no espazo das formacións, e que á vez poden recibir asesoramento a través da páxina enredando.gal, creada especificamente para completar esta acción didáctica dedicada a elas e eles.

Menús formativos (para todos os gustos)

O programa desenvólvese nunha aula móbil con contidos formativos vinculados ás novas tecnoloxías. Unha furgoneta superequipada transporta os *smartphones*, portátiles, tabletas, altosfalantes intelixentes... e todo tipo de accesorios para facilitar ese achegamento á realidade da tecnoloxía máis doméstica e presente en multitude de áreas da nosa vida cotiá.

As persoas que participen poderán fedellar mentres ‘degustan’ un dos catro “menús formativos” que Cruz Vermella e R lles teñen preparado para que elixan o que máis se adapte ás súas necesidades.

En función deses menús, en horario de 10:00 h a 14:00 h, impartiranse nas zonas escollidas de cada localidade 8 talleres (2 por menú) de 45 minutos cada un. Ao ser en espazo exterior instalaranse uns toldos para o desenvolvemento da actividade e cumpriranse escrupulosamente as esixencias sanitarias e medidas anti COVID-19 para garantir a seguridade de todo o mundo e en todo momento.

Estas son as localizacións exactas das tres localidades da provincia de Pontevedra ás que chega o *tour* a semana que vén:

_ **Lalín:** Praza da Igrexa. Luns, 4 de outubro.

_ **Ponteareas:** Praza Maior. Martes, 5 de outubro.

_ **A Guarda:** Praza Avelino Vicente (“As de copas”). Mércores, 6 de outubro.

E esta é a carta de “Enredando *tour R*”, cos seus 4 menús:

_ **“Vivo no mundo analóxico, rapaza”;** menú básico para comezar a “enredar”.

_ **“E ti... de quen vés sendo?”;** para saber que é e como funciona o *WhatsApp*.

_ **“Dixitalízate, ho”;** para aprender como se pode acceder ao SERGAS, ao banco, facer a compra e, en xeral, como xestionar o máis cotián por internet.

_ **“Menú R: móbilR”;** para coñecer a factura electrónica e outras utilidades e aplicacións prácticas en internet.

Dende A Coruña ata A Guarda

Tras a súa presentación na Coruña o pasado 13 de setembro, e despois de percorrer as devanditas localidades da Coruña, Lugo e Ourense, a aula móbil formativa con contidos tecnolóxicos poralle o punto e final á actividade o vindeiro 6 de outubro na Guarda, completando así este periplo que quere ser, sobre todo, un pasiño máis no derrubamento da fenda dixital entre as persoas maiores e o universo tecnolóxico.

Para participar nos obradoiros de “Enredando *tour R*” as persoas interesadas poden chamar ao teléfono gratuíto 900 825 030 ou escribir un correo electrónico a galicia@cruzroja.es.

Sobre “Enredando”, de Cruz Vermella

“Enredando *tour R*” enmárcase dentro do proxecto “**Enredando**” de Cruz Vermella, cuxo obxectivo xeral é reducir a fenda dixital entre a poboación que atende a Organización na nosa comunidade autónoma.

Trátase dun proxecto de capacitación dixital que xorde para evitar procesos de exclusión social por motivos económicos, de xénero, de idade, nivel educativo ou zona de residencia, entre outros.

“Enredando *tour R*” é a primeira das grandes accións deste proxecto que se pon en marcha e que aposta por apoiar as persoas maiores e sensibilizalas no uso das tecnoloxías, así como axudalas a derrubar os temores e inseguridades que poidan ter a seu respecto.

comunicación Cruz Vermella

687 419 397

lofreco@cruzroja.es

www.cruzvermella.gal

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal